

XIV CAMPUS POLIDEPORTIVO

A Fundación Vigo en Deporte e o Instituto Municipal dos Deportes colaboran para realizar, na súa decimocuarta edición, o Campus Polideportivo.

A finalidade do Campus é participar na práctica deportiva de mans das mellores entidades deportivas da cidade, dende a súa iniciación ata o seu perfeccionamento.

DATAS E LUGAR

Do 25 ao 28 de xuño no Complexo Deportivo das Travesas (Av. Castrelos, 1 de Vigo)

XORNADA E AULA MATINAL

A xornada é de 9h a 18h dende o martes ata o venres.

ACTIVIDADES

Deportivas: baloncesto, balonmán, voleibol, fútbol sala, e hóckey a patíns.

Actividades Complementarias: Piscina, cachibol, kimball e excursión ás Illas Cies.

PRAZAS E IDADE

Contamos con 200 prazas para nenos e nenas de entre 8 a 14 anos.

PREZO E PRAZO DE INSCRICIÓN

O prezo é de 65 € por neno ou nena, co xantar incluído. O pago faise en efectivo no momento da inscrición. Presentar follla de inscrición cuberta.

O prazo de inscrición comeza o día 3 de xuño ás 9h nas oficinas da Fundación VIDE ata cubrir as prazas, cun máximo de catro solicitudes por persoa.

ENTIDADES COLABORADORAS

R.C. Celta Baloncesto Feminino, Coruxo F.C., Voleibol Vigo, Xuvenil Teis, Academia Octavio, Travesas HC, Agrupación Cachibol Vigo.

RECOMENDACIÓNS

Os nenos e nenas deberán vestir con calzado e roupa deportiva.

O primeiro día deberán presentarse como moi tarde as 8.45h e traer: patíns, traxe e gorro de baño, toalla, chancletas e viseira.

IMPORTANTE: todos os participantes do campus contarán cun seguro privado a cargo da Fundación Vide. En caso de urxencias menores o pai/nai será o encargado do traslado d@ menor ao hospital concertado pola Fundación.